

NOTA DE PRENSA

Máis de trinta psicólogos/as fórmanse en comunicación de malas novas para intervenir en emerxencias

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018. Os vindeiros días 2,3,16 e 17 de marzo máis de trinta psicólogos e psicólogas formaranse para intervenir na comunicación de malas novas e procesos de dó, dentro do ámbito das emerxencias e catástrofes. O curso realizarase durante dúas fins de semana na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela. Nesta actividade ofertada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia traballárase sobre as pautas e as actuacións do GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias) do COPG, para que deste xeito as persoas participantes poidan adquirir os coñecementos, as técnicas e as habilidades para o desempeño profesional en situacións de emerxencia.

Durante o curso analizaranse as distintas reaccións individuais de dó que poden experimentar as persoas afectadas por unha emerxencia, así como o tipo de trastornos psicolóxicos que poden ir asociados a situacións de crise. Así mesmo, reflexionárase sobre o papel e a función dos profesionais da psicoloxía, os seus obxectivos e os principios de actuación, así como as ferramentas que teñen á súa disposición, tendo en conta as características específicas deste tipo de circunstancias. A planificación das intervencións, a xestión da información e a comunicación de malas novas serán obxecto de análise nas xornadas, nas que tamén se terá en conta o coidado dos e das intervinientes.

Como docentes responsables de impartir a formación participará por unha banda M^a Carmen Hermo, psicóloga sanitaria, membro do GIPCE desde 2005 e da comisión coordinadora desde 2010, que exerce como psicóloga na Asociación Ambar para a atención a persoas con diversidade funcional. Compartirá as funcións docentes con José Ramón García Gómez, psicólogo sanitario e membro do GIPCE desde 2005 e da comisión coordinadora desde 2008; é especialista en psicopatoloxía, intervención clínica e saúde e forma parte dos programas de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, ademais da rede estatal de atención psicolóxica a vítimas de terrorismo.

O GIPCE

O GIPCE é un grupo de psicólogos e psicólogas colexiados e especializados na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes. Coa súa intervención procuran minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurar as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesoran a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados, e realizan unha tarefa de autocoidado do grupo para diminuír o nivel de estrés dos intervinientes tras actuar.

O GIPCE actúa durante o tempo que dura a situación crítica, en contextos como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia, etc., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica, e sempre e cando as persoas afectadas acepten a súa participación. Pertence ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia. Na actualidade, constitúe unha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal

Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela

www.copgalicia.gal